

## I. DISPOSICIÓN XERAIS

### MINISTERIO DE MEDIO AMBIENTE, E MEDIO RURAL E MARIÑO

**15171** Orde ARM/2554/2011, do 21 de setembro, de corrección de erros da Orde ARM/3370/2010, do 27 de decembro, pola que se aproba o Regulamento técnico de control e certificación de sementes de plantas forraxeiras.

Advertidos erros no texto da Orde ARM/3370/2010, do 27 de decembro, pola que se aproba o Regulamento técnico de control e certificación de sementes de plantas forraxeiras, inserida no «Boletín Oficial del Estado», suplemento en lingua galega, número 317, do 30 de decembro de 2010, procédese a emendalos mediante a oportuna rectificación:

Todos os nomes botánicos das plantas e os nomes científicos doutros organismos que se mencionan no citado regulamento teñen que indicarse en letra cursiva.

Na páxina 1, hai que engadir despois do terceiro parágrafo do preámbulo o seguinte:

«As características das sementes de especies de plantas forraxeiras descritas no regulamento serán tidas en conta e serán aplicables ás importacións de sementes de países terceiros ou á comercialización dos procedentes do Espazo Europeo en aplicación do Regulamento xeral técnico de control e certificación de sementes e plantas de viveiro aprobado pola Orde do 23 de maio de 1986, coa excepción das distancias mínimas de cultivo, onde se aplicarán as dos respectivos Estados de orixe a partir da certificación que, no caso de Estados terceiros, faga a Comisión Europea tendo en conta as normas da OCDE ou simplemente en aplicación das distancias que regule cada Estado do Espazo Europeo.»

Na páxina 3,

Onde di: «I.2 Só se poderá denominar ``semente`` das plantas mencionadas no punto I.1 a que proceda de cultivos controlados polos servizos oficiais correspondentes e que se obtivese segundo as disposicións deste regulamento; da Lei 30/2006, do 26 de xullo, de sementes e plantas de viveiro e recursos fitoxenéticos; da Orde do 26 de xullo de 1973, pola que se aproba o Regulamento xeral de control e certificación de sementes e plantas de viveiro, e modificacións posteriores e da Orde do 23 de maio de 1986, pola que se aproba o Regulamento xeral de control e certificación de sementes e plantas de viveiro, e modificacións posteriores.»;

Debe dicir: «I.2 Só se poderá denominar ``semente`` das plantas mencionadas no punto I.1 a que proceda de cultivos controlados polos servizos oficiais correspondentes e que se obtivese segundo as disposicións deste regulamento; da Lei 30/2006, do 26 de xullo, de sementes e plantas de viveiro e recursos fitoxenéticos; do Decreto 3767/1972, do 23 de decembro, polo que se aproba o Regulamento xeral sobre produción de sementes e plantas de viveiro, e modificacións posteriores e da Orde do 23 de maio de 1986, pola que se aproba o Regulamento xeral de control e certificación de sementes e plantas de viveiro, e modificacións posteriores.»

Na páxina 3, no punto II.2. Especies para as cales se admite unicamente a produción de semente de base e certificada, onde di: «a) Gramineae:»; debe dicir: «a) *Poaceae* (*Gramineae*)»; onde di: «b) Leguminosae:»; debe dicir: «b) *Fabaceae* (*Leguminosae*):»

Na páxina 6, no cadro do punto IV.2.4.1 Os cultivos deben presentar unha identidade e pureza varietal suficiente, e cumprir en todo caso os seguintes requisitos en canto a pureza varietal,

Onde di:

«Especies	Tipo de impurezas	Número máximo de plantas	
		Semente prebase e base (m2)	Semente certificada (m2)
Gramíneas (excepto Ray-grass) e xFestulolium.	Plantas claramente non conformes a variedade.	1/30	1/10
Leguminosas. Crucíferas. Ray-grass (spp). e xFestulolium.	Planta dunha especie de Ray-grass non conforme a variedade de cultivo.	1/50	1/10»

Debe dicir:

«Especies	Tipo de impurezas	Número máximo de plantas	
		Semente prebase e base (m2)	Semente certificada (m2)
Gramíneas (excepto Ray-grass) e xFestulolium.	Plantas claramente non conformes coa variedade.	1/30	1/10
Leguminosas. Crucíferas. Ray-grass (spp). e xFestulolium.	Planta dunha especie de Ray-grass non conforme coa variedade de cultivo.	1/50	1/10»

Na páxina 10, no número 3. do punto VIII. Comercialización, onde di: «VIII.3 (en BOE 4.) Os lotes de semente que cumpran as condicións establecidas no anexo I deste regulamento, relativas á presenza de *Avena fatua* poderán, con independencia da etiqueta oficial e por petición do obtentor, levar un certificado oficial que dea fe do cumprimento das ditas condicións.»; debe dicir: «VIII.3 Os lotes de semente que cumpran as condicións establecidas no anexo I deste regulamento, relativas á presenza de *Avena fatua* poderán, con independencia da etiqueta oficial e por petición do obtentor, levar un certificado oficial que dea fe do cumprimento das ditas condicións.»

Na páxina 10, no punto 4. Comercialización de semente certificada a granel do punto VIII. Comercialización, onde di: «VIII.4 (en BOE VIII.4) Comercialización de semente certificada a granel.»; debe dicir: «VIII.4 Comercialización de semente certificada a granel.»

Na páxina 10, no anexo I Requisitos das sementes, epígrafe A. Semente certificada, punto 1, onde di: «*Poa* spp., variedades apomícticas monoclonais, *Brassica napus* var. *napobrassica*, *Brassica oleracea* convar. *acephala* (*acephala* var. *medullosa* + var. *viridis*) *Raphanus sativus* L. var. *oleiformis* Pers.»; debe dicir: «*Poa* spp., variedades apomícticas monoclonais, *Brassica napus* var. *napobrassica*, *Brassica oleracea* convar. *acephala*».

Na páxina 11, no cadro 2.A, Requisitos das sementes certificadas, na columna Xerminación mínima (porcentaxe de sementes puras) (a) a porcentaxe de 75 establecida para a especie *Agrostis gigantea* substitúese por 80, como se indica a seguir:

Especies	Xerminación mínima (porcentaxe de sementes puras) (a)
Gramíneas	1
(...)	
<i>Agrostis gigantea</i> .....	80
(...)	

Na páxina 13, na epígrafe B. Sementes de base, onde di: «1. As sementes de *Pisum sativum*, *Brassica napus* var. *napobrassica*, *Brassica oleracea* convar. *acephala*, *Vicia faba* e as variedades apomíticas monoclonais de *Poa* spp. terán unha pureza varietal mínima de 99,7 por 100.»; debe dicir: «1. As sementes de *Pisum sativum*, *Brassica napus* var. *napobrassica*, *Brassica oleracea* convar. *acephala*, *Vicia faba* e as variedades apomíticas monoclonais de *Poa pratensis* terán unha pureza varietal mínima de 99,7 por 100.»

Na páxina 14, a porcentaxe en peso total da especie *Galega orientalis* substitúese por 0,3, como segue:

Especies	Total (porcentaxe en peso)
Leguminosas	3
(...)	
<i>Galega orientalis</i> .....	0,3
(...)	

Na páxina 17, no cadro de pesos dos lotes e das mostras do anexo II, os pesos máximos dos lotes en t nas especies *Lupinus Albus*, *Lupinus angustifolius*, *Lupinus luteus* e *Vicia pannonica* corríxense por 30 t, como se indica a seguir:

Especies	Peso máximo do lote en t
Leguminosas:	
(...)	
<i>Lupinus albus</i> .....	30
<i>Lupinus angustifolius</i> .....	30
<i>Lupinus luteus</i> .....	30
(...)	
<i>Vicia pannonica</i> .....	30
(...)	

Madrid, 21 de setembro de 2011.—A ministra de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño, Rosa Aguilar Rivero.